

21.00 H
**COMEZO DOS
 CONCERTOS**

[*] : + SESIÓN DJ

S18 TREMENDA JAURÍA *

**V17 NARDISTAN
 X16 PAULA VALLS**

**S11 LAS ODIO
 V10 RODRIGO CUEVAS**

**X9 PONY BRAVO *
 S4 BAUCA**

**FT. CELINA DA PIEDADE
 MARGARIDA MARINO
 V3 FERNANDO BARRÔSO &
 X2 PAJARO SUNRISE**

AGOSTO

[*] : + SESIÓN DJ

**S28 NASTASIA ZÜRCHER
 BANDA ARTÍSTICA DE MERZA**

V27 QUEÉN SIMPHONY -

**X26 MORDEM
 S21 OHI AYATOLLAH**

V20 YELLOW BELL Y DAVID VAZQUEZ

X19 NATHY PELUSO *

S14 DON LA NENA

V13 A BANDA DA LOBA

X12 LA REDADA


RESPUESTA POLAR

S7 MODELO DE


V6 RELS B *

**X5 SHIRLEY DAVIS &
 THE SILVERBACKS ***

XULLO



C11 Sábados pola tarde (17:10 e 20:15 h), domingos e festivos (10:30, 13:30, 17:35 e 19:55 h), ao seu paso pola Praza de Galicia.



L9 De luns a venres e sábados pola mañá. Cada 60 min. Último bus dende o Gaiás ás 23:00 h, 00:30 h os días de Sesión DJ

BUS AO GAIÁS
 GAIÁS - CENTRO CIDADE
 gálicia o do camión

**GAIÁS
 CIDADE DA
 CULTURA**



ATARDECER
NO GAIÁS
2018

**CONCERTOS
 DE BALDE
 XOVES, VENRES E
 SÁBADOS DE XULLO
 E AGOSTO ÁS 21 H.**

**CIDADEDACULTURA.GAL
 ATARDECERNOGAIAS.GAL**

JUL



X5 SHIRLEY DAVIS & THE SILVERBACKS AUS/MAD
Supoñen todo un sopro de aire fresco no soul e o funky. Veñen presentar ao Gaiás o seu segundo longo, *Wishes & Wants*, un disco cheo de enerxía e mensaxe co que van demostrar que estes dous xéneros están máis vivos ca nunca.



V6 RELS B BAL
Coñecido como o rapaz boño do hip-hop, aos seus 24 anos os seus temas —nos que non falta trap e música electrónica— alcanzan 20 millóns de reproducións en Youtube. O cantante do hit *Made in Taiwan* garante converter a Praza Central do Gaiás nunha discoteca de baile.



S7 MODELO DE RESPUESTA POLAR VAL
Indie intimista desde Valencia desta banda que ao longo dos anos perdeu escuridade e gañou máis potencia co seu último traballo 'Más movimientos' que está a ser acollido moi ben pola crítica.



X12 LA REDADA MEX
Este sexteto de música psicodélica-tropical da capital mexicana reinventa sons e ritmos que atopan agochados en discos de vinilo de segunda man. Mergullarse nesta aventura musical supón danzar, danzar e, por suposto, danzar.



V13 A BANDA DA LOBA GAL
Cinco mulleres que musicalizan tanto poetas galegas senlleiras como contemporáneas. Todo isto, baixo un estilo ecléctico e heteroxéneo que bebe do rock, do pop, do folk... que converten o seu repertorio nun fantástico caleidoscopio musical.



S14 DOM LA NENA BRA
A doce voz desta brasileira nómada entre Buenos Aires e París recibiu comparacións con Joanna Newsom ou con Jane Birkin con quen ten compartido escenarios. Mais conta cun rexistro persoal moi propio e a través do seu talento coma virtuosa do cello móvese con total liberdade e independencia entre a bossa nova e o pop.



X19 NATHY PELUSO ARX
Esta argentina afincada en Madrid é pura paixón en todo os rexistros cos que se atreve, que non son poucos: blues, salsa, jazz, soul, hip hop, R&B e ata trap con letras intensas e directas, como as súas actuacións. En resumo, non a podes perder!




V20 YELLOW BELLY E DAVID VÁZQUEZ AUS/GAL
As cidades da Coruña e Brighton únense polos sons experimentais, entre o pop e o electrónico, destes compositores e intérpretes que traballan por separado e que xuntos conseguen atmosferas que te transportarán á túa particular escena cinematográfica.



S21 OH! AYATOLLAH GAL
Pop en galego con letras crúas, mais non escuras, que avalan a etiqueta de nihilismo entusiasta que se lle ten posto ao seu estilo. Presentan novo traballo e vai ser (felizmente) imposible non sumarse a coro aos seus efectivos (aínda que non tan felices) retrosos.



X26 MORDEN GAL
Gañadora do proxecto Demo de Radio 3 con seu anterior proxecto, Jane Joyd, a artista galega regresa con sons máis próximos ao trip hop, ao dreampop ou ao R&B... atravesados todos eles por pianos contemporáneos que farán única chegada da noiteña no Gaiás.



V27 QUEEN SYMPHONY - BANDA ARTÍSTICA DE MERZA GAL
Escoitar os temas míticos da banda británica como nunca antes o tiñas feito. Unha oportunidade para gozar doutro xeito esas cancións que che teñen acompañado nalgún momento da túa vida, nas voces de *Gli Appassionati*.



S28 NASTASIA ZÜRCHER SUI/GAL
A cantante e compositora galega-suíza galardoadada na categoría de música negra nos Premios Martín Códax ofrece ritmos que van desde o groove descarado con aires de neo-soul ao afro-pop-folk, guiados sempre pola súa voz inconfundible.


AGO




X2 PAJARO SUNRISE CeL
Temas que oscilan entre o pop, o folk e a música electrónica cantada en inglés que teñen propiciado que composicións de Yuri Méndez Barrios fosen elixidas como banda sonora de moitas series. Non podía faltar, entón, para a do Verán no Gaiás.




V3 FERNANDO BARROSO & MARGARIDA MARINO FT. CELINA DA PIEDADE GAL/PORT
Coa mandolina como protagonista, veñen presentar o seu último traballo 'Silence lovers club'. Nel rescatan sons que van desde o swing/jazz aos hipnotizantes persas.



S4 BAIUCA GAL
As Rías Baixas son o noso Amazonas. Esta é a carta de presentación deste novo proxecto capitaneado por Alejandro Guillán, onde combina o máis avanzado e vangardista da electrónica coas raíces máis salvaxes e puras da música tradicional. Arriscado e necesario.



X9 PONY BRAVO AND
Este grupo sevillano, con claras influencias do rock andaluz dos 70, trae ao Gaiás o seu humor tan característico co que tinguen as súas letras 'protesta', á vez que un directo sempre encomiado que o ten levado a festivais como o Primavera Sound.



V10 RODRIGO CUEVAS AST
A non perder a zarzuela bufa feita desde Asturias para o mundo deste artista irreverente e performático. Nela desprende orixinalidade a atrevemento para amosar o seu amor polo universo rural e tradicional asturiano, no que tamén hai lugar para o urbano e o tecnolóxico.



S11 LAS ODIIO MAD
A banda madrileña inxerida no movemento punk feminista *Riot grrrls* vén ao Gaiás co obxectivo de que non paremos de bailar en ningún dos seus temas. Seguro que non as defraudas nin te defraudan.



X16 PAULA VALLS CAT
Din que cando Paula Valls canta, a súa alma (negra) estremece. A voz e as melodías desta rapaza catalá de só 18 anos transpiran jazz e música afroamericana en cada un dos seus acordes. Unha pequena gran xoia para musicar o solpor



V17 N3RDISTAN FRA/MAR
A banda franco-marroquí repensa e mestura culturas, estilos e instrumentos, viaxando desde o hip-hop, rap, electro-rock ás melodías árabes máis tradicionais, a través da voz fascinante de Walead Ben. Unha descuberta que cativará.



S18 TREMENDA JAURÍA MAD
"Reguetón ou barbarie". Esta é a arenga coa que che vai recibir o cuarteto madrileño na Praza Central para bailar ritmos tropicais, como a cumbia- electrónica, con letras que convidan á disidencia facendo seu o de: "se non se pode bailar, non é a miña revolución".